

Era o mes de maio cando chegou Marilinda.

A nova profesora viña coñecer os chamados nenos tristes. Traballaría con eles naquel centro das aforas, onde nunca aparecían visitas.

Os nenos tristes nada tiñan. Chamábanlles “nenos tristes” porque perderan a guerra, a familia e todo canto posuían.

O primeiro que fixo Marilinda foi miralos un por un aos ollos e sorrir como ela sabía, coa boca e mais o corazón.

Explicoulles que os ollos dos nenos son doces coma os caramelos máis doces do mundo e que non deben chorar porque, como son caramelos, poden derreterse en bágoas e desaparecer súas caras. Daquela nunca máis poderían ver as cores do mundo.

Ana María Fernández

“Contos con sombreiro”

1.-Contesta.

- En que mes do ano chegou Marilinda?


- Por que lles chamaban “nenos tristes”?

- Con que sorría Marilinda?

- Con que compara os ollos dos nenos?

- Si desaparecen as caras ,que é o que nunca máis poderían ver?

2.-Debuxa a Marilinda e aos nenos.



3.-Pon V(verdadeiro) ou F(falso).

A profesora chegou na primavera

Os “nenos tristes” perderon a guerra

Marilinda regaloulles caramelos.

Luis puxo un sombreiro de cociñeiro.

Os nenos non paraban de falar.

Os sombreiros posuían maxia.

Tina converteuse nunha policía famosa.

Unha estrela levou a Tina ó espazo.

A Mauro non lle saían os trucos de maxia.

O mago máis vello e sabio vivía no fondo do mar.

Mauro recolleu risas nos patios de recreo.

4.-Que sombreiro escollerías ti?. Por que?

5.-Que historia che pareceu máis divertida?.Por que?

